"[…] La base principal de la revolución que anhelamos creemos consiste en la completa descentralización, o mejor dicho, en la destrucción total de los poderes autoritarios, eternos enemigos del progreso, de la libertad y de la justicia.

[…] Es preciso ir adelante hacia el triunfo de la Anarquía y del Colectivismo, o sea, la destrucción de todos los poderes autoritarios y de los monopolios de clase, en donde NO HABRÁ NI PAPAS, NI REYES, NI BURGUESES, NI CURAS, NI MILITARES, NI ABOGADOS, NI JUECES, NI ESCRIBANOS NI POLÍTICOS; pero sí una libre federación universal de libres asociaciones obreras agrícolas e industriales […]."

**Doc. 3. Estatutos de la UGT, aprobados en Barcelona en 1888:**

"[…] Artículo 1º. La Unión General de Trabajadores de España tiene por objeto:

1º. Reunir en su seno a las Sociedades, Federaciones y Uniones de Resistencia. 2º. Crear nuevas Secciones de oficio y constituirlas en Federaciones Nacionales. 3º. Mejorar las condiciones de trabajo. 4º. Mantener estrechas relaciones con las organizaciones obreras de los demás países que persigan el mismo fin que esta Unión, y practicar con ellas, siempre que sea posible, el principio de la solidaridad.

Artículo 2º. La Unión General de Trabajadores de España se propone realizar su objeto apelando a la huelga bien organizada y recabando de los Poderes públicos cuantas leyes favorezcan los intereses del trabajo, tales como la jornada legal de ocho horas, fijación de un salario mínimo, igualdad de salario para los obreros de uno y otro sexo, etc. […]."

# HISTORIA DE ESPAÑA

## OPCIÓN B

1. **De estos seis términos, elige solo cuatro y defínelos** (2 puntos, 0,50 por término):
   (extensión máxima recomendada: 4 líneas por término)

   - Megalitismo, Tercios, Decretos de Nueva Planta, Pucherazo, Brigadas Internacionales, Sindicato Vertical.

2. **Explica la siguiente cuestión (**extensión máxima recomendada: una cara de folio/30 líneas) (3 puntos):
   Escoge y responde solo a una de estas tres opciones:

   a) El Neolítico: características y cambios con respecto a la época Paleolítica
   b) El régimen feudal y la sociedad estamental
   c) La crisis socioeconómica del siglo XVII

3. **Composición histórica** (5 puntos):
   Los siguientes textos deben permitirte hacer una redacción sobre la crisis de la Restauración. Teniendo en cuenta los documentos y su contexto, debes atender cuando menos a los efectos del *desastre del 98*, al creciente papel del ejército en la vida política y a los principales grupos de oposición al sistema.

**Doc. 1. "Quiénes deben gobernar después de la catástrofe", en Joaquín Costa, *Discursos políticos, 1899.***

"No tenemos perdón de Dios; nos perdemos porque queremos […]. Parecía natural, digo, que en agosto del año anterior se hubiera renovado el personal de la política española, […] aunque no hubiese sido más que por un sentimiento de pudor y de pública honestidad. Pues no, señores; en vez de jubilarse ellos, han preferido que se jubile la nación, la cual es tenida ya en Europa como fuera de servicio, […] y luego que se han visto otra vez arriba, ni siquiera se les ha ocurrido variar de conducta; han vuelto a hacer lo mismo de antes: dormir, aplazarlo todo para mañana, dejar que España esté cada vez más lejos de Europa, porque Europa sigue avanzando y nosotros, parados […]."

**Doc. 2. Ley de Jurisdicciones. *Gaceta de Madrid*, 24 de abril de 1906:**

"DON ALFONSO XIII, por la gracia de Dios y la Constitución Rey de España:

A todos los que la presente vieren y entendieren, sabed: que las Cortes han decretado y Nós sancionado lo siguiente:

[…] Art.3º. Los que de palabra o por escrito, por medio de la imprenta, grabado u otro medio mecánico de publicación, en estampas, alegorías, caricaturas, emblemas o alusiones, injurien u ofendan clara o encubiertamente al Ejército o a la Armada o a instituciones, armas, clases o Cuerpos determinados del mismo, serán castigados con la pena de prisión correccional. Y con la de arresto mayor en sus grados medio y máximo a prisión correccional en su grado mínimo los que […] instigaren directamente a la insubordinación en institutos armados o a apartarse del cumplimiento de sus deberes militares a personas que sirvan o estén listas a servir en las fuerzas nacionales de tierra o mar […]."

**Doc. 3. Noticia del mitin celebrado en el teatro Variedades de Madrid, publicada en el *Diario de Barcelona* (12 julio de 1909):**

"Se ha efectuado esta mañana el mitin convocado por el comité Socialista para protestar contra la guerra. Presidió el señor Largo Caballero, quien expuso el objeto del acto. Después de hablar algunos concurrentes lo hizo Pablo Iglesias, que estimó que toda guerra es perjudicial, y para España lo es la de Marruecos […]. Los reunidos han aprobado las siguientes conclusiones: pedir al gobierno que no envíe fuerzas a Marruecos y que retire las que allí tiene, y pedir autorización para celebrar el domingo una manifestación de protesta contra la guerra."

| | |
|---|---|
| CiUG COMISIÓN INTERUNIVERSITARIA DE GALICIA | **Proba de Avaliación do Bacharelato para o Acceso á Universidade** **Código: 03** |
| | **XULLO 2019** |

# HISTORIA DE ESPAÑA

## OPCIÓN A

1. **Destes seis termos, elixe só catro e defíneos** (2 puntos, 0,50 por termo):
(extensión máxima recomendada: 4 liñas por termo)

   - Castro, Taifas, Antigo Réxime, Afrancesados, Caciquismo, Pactos da Moncloa.

2. **Explica a seguinte cuestión (**extensión máxima recomendada: unha cara de folio/30 liñas) (3 puntos):
Escolle e responde só unha destas tres opcións:

   d) As crises baixomedievais
   e) A configuración do imperio español no século XVI
   f) As ideas fundamentais do pensamento ilustrado

3. **Composición histórica** (5 puntos):
Os seguintes textos deben permitirche facer unha redacción sobre o movemento obreiro no último terzo do século XIX. Tendo en conta os documentos e o seu contexto, debes atender cando menos ao proceso de consolidación das sociedades obreiras en España, á identificación das principais organizacións da época e á delimitación das súas diferenzas ideolóxicas e estratéxicas.

**Doc. 1. A AIT aos obreiros españois. Xenebra, 26 de decembro de 1868:**

"O pobo español expulsou a raíña Isabel; nós posuímos a convicción de que non sufrirá máis o restablecemento do realismo.

[…] Reivindicade por tanto as reformas que a revolución política por si soa é incapaz de producir para o ben do pobo, para o ben de todos. […]

Irmáns de España:

Vinde, adherídevos en masa á nosa obra; que as vosas sociedades obreiras veñan afiliarse á nosa asociación, que as seccións da Internacional se funden e multipliquen en todas as vosas cidades, en todas as vosas aldeas. O porvir é voso".

**Doc. 2. Proclama dirixida pola Comisión federal da Federación Rexional Española a todos os internacionais (Alcoi, 24 de febreiro de 1873):**

"[…] A base principal da revolución que anhelamos cremos que consiste na completa descentralización, ou mellor dito, na destrución total dos poderes autoritarios, eternos inimigos do progreso, da liberdade e da xustiza.

[…] É preciso ir adiante cara ao triunfo da Anarquía e do Colectivismo, é dicir, a destrución de todos os poderes autoritarios e dos monopolios de clase, onde NON HABERÁ NIN PAPAS, NIN REIS, NIN BURGUESES, NIN CURAS, NIN MILITARES, NIN AVOGADOS, NIN XUÍCES, NIN ESCRIBÁNS NIN POLÍTICOS; pero si unha libre federación universal de libres asociacións obreiras agrícolas e industriais […]."

**Doc. 3. Estatutos da UXT, aprobados en Barcelona en 1888:**

"Artigo 1º. A Unión Xeral de Traballadores de España ten por obxecto: 1º. Reunir no seu seo as Sociedades, Federacións e Unións de Resistencia. 2º. Crear novas Seccións de oficio e constituílas en Federacións Nacionais. 3º. Mellorar as condicións de traballo. 4º. Manter estreitas relacións coas organizacións obreiras dos demais países que persigan o mesmo fin ca esta Unión, e practicar con elas, sempre que sexa posible, o principio da solidariedade.

Artigo 2º. A Unión Xeral de Traballadores de España proponse realizar o seu obxecto apelando á folga ben organizada e solicitando dos Poderes públicos cantas leis favorezan os intereses do traballo, tales como a xornada legal de oito horas, fixación dun salario mínimo, igualdade de salario para os obreiros dun e outro sexo, etc. […]."

# HISTORIA DE ESPAÑA

## OPCIÓN B

1. **Destes seis termos, elixe só catro e defíneos** (2 puntos, 0,50 por termo):
(extensión máxima recomendada: 4 liñas por termo)

   - Megalitismo, Terzos, Decretos de Nova Planta, Pucheirazo, Brigadas Internacionais, Sindicato Vertical.

2. **Explica a seguinte cuestión (**extensión máxima recomendada: unha cara de folio/30 liñas) (3 puntos):
Escolle e responde só unha destas tres opcións:

   a) O Neolítico: características e cambios con respecto á época Paleolítica
   b) O réxime feudal e a sociedade estamental
   c) A crise socioeconómica do século XVII

3. **Composición histórica** (5 puntos):
Os seguintes textos deben permitirche facer unha redacción sobre a crise da Restauración. Tendo en conta os documentos e o seu contexto, debes atender cando menos aos efectos do *desastre do 98*, ao crecente papel do exército na vida política e aos principais grupos de oposición ao sistema.

**Doc. 1. "Quen debe gobernar despois da catástrofe", en Joaquin Costa, *Discursos políticos*, 1899**:

"Non temos perdón de Deus; perdémonos porque queremos [...]. Parecía natural, digo, que en agosto do ano anterior se renovase o persoal da política española, [...] aínda que non fose máis que por un sentimento de pudor e de pública honestidade. Pois non, señores; no canto de se xubilaren eles, preferiron que se xubile a nación, que é tida xa en Europa como fóra de servizo, [...] e logo que se viron outra vez arriba, nin sequera se lles ocorreu variar de conduta; volveron facer o mesmo de antes: durmir, aprazalo todo para mañá, deixar que España estea cada vez máis lonxe de Europa, porque Europa segue avanzando e nós, parados [...]."

**Doc. 2. Lei de Xurisdiccións, *Gaceta de Madrid*, 24 de abril de 1906:**

"DON ALFONSO XIII, pola graza de Deus e a Constitución Rei de España:

A todos os que a presente viren e entenderen, sabede: que as Cortes decretaron e Nós sancionamos o seguinte:

[...] Art.3º. Os que de palabra ou por escrito, por medio da imprenta, gravado ou outro medio mecánico de publicación, en estampas, alegorías, caricaturas, emblemas ou alusións, inxurien ou ofendan clara ou encubertamente o Exército ou a Armada ou institucións, armas, clases ou Corpos determinados do mesmo, serán castigados coa pena de prisión correccional. E coa de arresto maior nos seus graos medio e máximo a prisión correccional no seu grao mínimo os que [...] instigaren directamente á insubordinación en institutos armados ou a apartarse do cumprimento dos seus deberes militares a persoas que sirvan ou estean listas a servir nas forzas nacionais de terra ou mar [...]."

**Doc. 3. Noticia do mitin celebrado no teatro Variedades de Madrid, publicada no Diario de Barcelona (12 xullo de 1909):**

"Efectuouse esta mañá o mitin convocado polo comité Socialista para protestar contra a guerra. Presidiu o señor Largo Caballero, quen expuxo o obxecto do acto. Despois de falaren algúns concorrentes fíxoo Pablo Iglesias, que estimou que toda guerra é prexudicial, e para España o é a de Marrocos [...]. Os reunidos aprobaron as seguintes conclusións: pedir ao goberno que non envíe forzas a Marrocos e que retire as que alí ten, e pedir autorización para celebrar o domingo unha manifestación de protesta contra a guerra."

**ABAU**
**CONVOCATORIA DE XULLO**
**Ano 2019**
*CRITERIOS DE AVALIACIÓN*
***HISTORIA DE ESPAÑA***
**(Cód. 03)**

## OPCIÓN A

Definición do termo **Castro (ata 0,5 puntos)**

| | |
|---|---|
| **Suspenso** (0-0,1) | Resposta en branco ou que revela a incomprensión do concepto |
| **Suspenso** (0,15-0,2) | **Coñecementos:** resposta confusa ou incompleta<br>**Redacción:** texto no que abundan as imprecisións, palabras inexistentes, frases incoherentes o mal articuladas |
| **Aprobado** (0,25-0,3) | **Coñecementos:** resposta básica que fai referencia ao seguinte:<br>-Poboado ou asentamento fortificado prerromano que dá nome á cultura castrexa.<br>**Redacción**: texto formalmente correcto, pero expresión demasiado simple |
| **Notable** (0,35-0,4) | **Coñecementos:** resposta con polo menos unha destas aclaracións adicionais (ademais do esixido para o aprobado)<br>-Neles predominan as vivendas de planta circular.<br>-A cultura castrexa localízase no noroeste peninsular.<br>**Redacción:** correcta |
| **Sobresaliente** (0,45-0,5) | **Coñecementos:** resposta con polo menos unha destas precisións a maiores (ademais do esixido para o notable)<br>-Atópanse en lugares estratéxicos (cumios de outeiros, penínsulas costeiras, abas nas montañas do interior), para facilitar a súa defensa e o control visual do territorio.<br>-A cultura castrexa é o resultado da mestura dos pobos indoeuropeos (denominados popularmente célticos) que chegaron á península a comezos do primeiro milenio a.C.<br>**Redacción:** correcta, argumentación coherente e vocabulario axeitado<br>**Capacidade de síntese**: a resposta non excede a extensión recomendada |

Definición do termo **Taifas (ata 0,5 puntos)**

| | |
|---|---|
| **Suspenso** (0-0,1) | Resposta en branco ou que revela a incomprensión do concepto |
| **Suspenso** (0,15-0,2) | **Coñecementos:** resposta confusa ou incompleta<br>**Redacción:** texto no que abundan as imprecisións, palabras inexistentes, frases incoherentes o mal articuladas |
| **Aprobado** | **Coñecementos:** resposta básica que fai referencia ao seguinte: |

| | |
|---|---|
| (0,25-0,3) | -Cada un dos reinos nos que se dividiu Al-Andalus logo da disgregación do califato de Córdoba.<br>**Redacción**: texto formalmente correcto, pero expresión demasiado simple |
| **Notable**<br>(0,35-0,4) | **Coñecementos:** resposta con polo menos unha destas aclaracións adicionais (ademais do esixido para o aprobado)<br>-Para evitar a conquista, moitas taifas pagaron parias aos reinos cristiáns.<br>-O número de taifas foise reducindo co tempo pois as de maior poder anexionaron as máis pequenas.<br>**Redacción:** correcta |
| **Sobresaliente**<br>(0,45-0,5) | **Coñecementos:** resposta con polo menos unha destas precisións a maiores (ademais do esixido para o notable)<br>-Configuráronse máis de vinte reinos de taifas independentes como Sevilla, Badaxoz, Toledo…<br>-A última taifa en sobrevivir será o reino nazarí de Granada<br>-O califato desaparece no século XI<br>**Redacción:** correcta, argumentación coherente e vocabulario axeitado<br>**Capacidade de síntese**: a resposta non excede a extensión recomendada |

Definición do termo **Antigo Réxime (ata 0,5 puntos)**

| | |
|---|---|
| **Suspenso**<br>(0-0,1) | Resposta en branco ou que revela a incomprensión do concepto |
| **Suspenso**<br>(0,15-0,2) | **Coñecementos:** resposta confusa ou incompleta<br>**Redacción:** texto no que abundan as imprecisións, palabras inexistentes, frases incoherentes o mal articuladas |
| **Aprobado**<br>(0,25-0,3) | **Coñecementos:** resposta básica que fai referencia ao seguinte:<br>-Sistema político e socioeconómico propio dos séculos XVI ao XVIII<br>**Redacción**: texto formalmente correcto, pero expresión demasiado simple |
| **Notable**<br>(0,35-0,4) | **Coñecementos:** resposta con polo menos unha destas aclaracións adicionais (ademais do esixido para o aprobado)<br>-Denominación utilizada polos historiadores para referirse á época moderna<br>-Baseábase nunha economía de base agraria<br>-Caracterizábase por unha sociedade de carácter estamental<br>**Redacción:** correcta |
| **Sobresaliente**<br>(0,45-0,5) | **Coñecementos:** resposta con polo menos unha destas precisións a maiores (ademais do esixido para o notable)<br>-A monarquía absoluta era a forma predominante de goberno<br>-A denominación foi utilizada polos revolucionarios franceses para referirse á monarquía de Luís XVI |

| | |
|---|---|
| | -Foi o modelo político e socioeconómico que entrou en crise coa Revolución Francesa<br>**Redacción:** correcta, argumentación coherente e vocabulario axeitado<br>**Capacidade de síntese**: a resposta non excede a extensión recomendada |

Definición do termo Afrancesados **(ata 0,5 puntos)**

| | |
|---|---|
| **Suspenso**<br>(0-0,1) | Resposta en branco ou que revela a incomprensión do concepto |
| **Suspenso**<br>(0,15-0,2) | **Coñecementos:** resposta confusa ou incompleta<br>**Redacción:** texto no que abundan as imprecisións, palabras inexistentes, frases incoherentes o mal articuladas |
| **Aprobado**<br>(0,25-0,3) | **Coñecementos:** resposta básica que fai referencia ao seguinte:<br>-españois que apoiaban o goberno de Xosé I Bonaparte<br>-eran un grupo reducido, na súa maior parte pertencentes ás elites sociopolíticas e culturais do país<br>**Redacción**: texto formalmente correcto, pero expresión demasiado simple |
| **Notable**<br>(0,35-0,4) | **Coñecementos:** resposta con polo menos unha destas aclaracións adicionais (ademais do esixido para o aprobado)<br>-pensaban que o novo goberno era o único medio para lograr a renovación e o cambio en España<br>-a derrota e retirada dos exércitos franceses levou a moitos deles a exiliarse cara a Francia<br>**Redacción:** correcta |
| **Sobresaliente**<br>(0,45-0,5) | **Coñecementos:** resposta con polo menos unha destas precisións a maiores (ademais do esixido para o notable)<br>-o termo foi utilizado despectivamente polos “patriotas” para resaltar a súa condición como colaboracionistas cos invasores<br>-algúns pasaron do apoio inicial ao monarca francés a un progresivo abandono por medo ás represalias populares ou polos estragos causados polas tropas francesas<br>**Redacción:** correcta, argumentación coherente e vocabulario axeitado<br>**Capacidade de síntese**: a resposta non excede a extensión recomendada |

Definición do termo **Caciquismo** **(ata 0,5 puntos)**

| | |
|---|---|
| **Suspenso**<br>(0-0,1) | Resposta en branco ou que revela a incomprensión do concepto |
| **Suspenso**<br>(0,15-0,2) | **Coñecementos:** resposta confusa ou incompleta<br>**Redacción:** texto no que abundan as imprecisións, palabras |

| | |
|---|---|
| | inexistentes, frases incoherentes o mal articuladas |
| **Aprobado**<br>(0,25-0,3) | **Coñecementos:** resposta básica que fai referencia ao seguinte:<br>-Prácticas levadas a cabo polos caciques que controlaban as eleccións, para garantir a quenda de partidos durante a Restauración borbónica iniciada en 1875.<br>**Redacción**: texto formalmente correcto, pero expresión demasiado simple |
| **Notable**<br>(0,35-0,4) | **Coñecementos:** resposta con polo menos unha destas aclaracións adicionais (ademais do esixido para o aprobado)<br>-Baseábase na existencia de personalidades influentes a nivel local que controlaban unha circunscrición electoral<br>-os caciques actuaban mediante o uso da forza, a coacción e a venda de favores,<br>-os caciques valíanse do seu poder económico, estatus e influenzas<br>-O caciquismo tiña máis forza nas zonas rurais<br>**Redacción:** correcta |
| **Sobresaliente**<br>(0,45-0,5) | **Coñecementos:** resposta con polo menos unha destas precisións a maiores (ademais do esixido para o notable)<br>-Eran os caciques e non os electores quen decidían o resultado das eleccións.<br>-Os chanzos máis importantes nas relacións clientelares de poder eran: a oligarquía madrileña, os Gobernadores Civís e os caciques<br>-Cos "favores" caciquis agradecían a fidelidade electoral.<br>-Todas estas prácticas explican a apatía electoral durante o período da Restauración.<br>-Lema dos caciques: "para os inimigos a lei, para os amigos o favor".<br>**Redacción:** correcta, argumentación coherente e vocabulario axeitado<br>**Capacidade de síntese**: a resposta non excede a extensión recomendada |

Definición do termo **Pactos da Moncloa** **(ata 0,5 puntos)**

| | |
|---|---|
| **Suspenso**<br>(0-0,1) | Resposta en branco ou que revela a incomprensión do concepto |
| **Suspenso**<br>(0,15-0,2) | **Coñecementos:** resposta confusa ou incompleta<br>**Redacción:** texto no que abundan as imprecisións, palabras inexistentes, frases incoherentes o mal articuladas |
| **Aprobado**<br>(0,25-0,3) | **Coñecementos:** resposta básica que fai referencia ao seguinte:<br>-Acordos socioeconómicos asinados en 1977 polos líderes dos principais partidos políticos e das organización sindicais no Palacio da Moncloa<br>**Redacción**: texto formalmente correcto, pero expresión demasiado simple |
| **Notable** | **Coñecementos:** resposta con polo menos unha destas aclaracións |

| | |
|---|---|
| (0,35-0,4) | adicionais (ademais do esixido para o aprobado)<br>-Foron asinados durante o goberno de Adolfo Suárez<br>-Consistían nunha serie de acordos de carácter económico e social que posteriormente foron aprobados polo Congreso dos Deputados.<br>-O seu piar fundamental era o consenso político por enriba das diferenzas políticas e sindicais<br>-aspiraban ao pleno establecemento dun sistema democrático, a estabilidade do país e a solución dos problemas económicos máis urxentes<br>**Redacción:** correcta |
| **Sobresaliente**<br>(0,45-0,5) | **Coñecementos:** resposta con polo menos unha destas precisións a maiores (ademais do esixido para o notable)<br>-O seu obxectivo era solucionar algúns dos problemas derivados da crise económica de 1973.<br>-Entre as medidas adoptadas destacan a moderada suba salarial, a loita contra a fraude fiscal, o aumento das prazas escolares, a extensión do seguro de desemprego...<br>-Ademais de abordar a crise económica, os pactos pretendían dar resposta común á conflitividade social, ao terrorismo e ao risco de Golpe de Estado<br>-A redución da inflación e a normalización da vida sindical foron algúns dos seus logros<br>**Redacción:** correcta, argumentación coherente e vocabulario axeitado<br>**Capacidade de síntese**: a resposta non excede a extensión recomendada |

Pregunta a desenvolver: **As crises baixomedievais** (ata 3 puntos)

| | |
|---|---|
| Suspenso<br>(0-0,6) | Resposta en branco ou sen relación coa materia da pregunta. |
| Suspenso<br>(0,9-1,2) | **Coñecementos:**<br>-Resposta confusa, que revela a incomprensión da pregunta (0,9)<br>-Resposta incompleta, que revela a falla de coñecementos (1,2)<br>**Redacción:** texto no que abundan as imprecisións, palabras inexistentes, frases incoherentes o mal articuladas |
| Aprobado<br>(1,5-1,8) | **Coñecementos:** resposta básica que incide nas seguintes cuestións:<br>-Contextualización da Baixa Idade Media nos séculos XIV e XV<br>-Os factores explicativos da crise demográfica: conxunción de malas colleitas e chegada da peste negra.<br>-A relación entre diminución da poboación, descenso da producción e incremento dos presos.<br>-A reacción dos grupos nobiliarios ante a nova situación: malos usos e abusos.<br>-As revoltas irmandiñas como exemplo de levantamento antiseñorial.<br>**Redacción:** texto formalmente correcto, pero expresión demasiado |

| | |
|---|---|
| | simple |
| Notable (2,1-2,4) | **Coñecementos: resposta que demostra o coñecemento do tema:**<br>-resposta que ademais de facer referencia ás cuestións básicas, explica cunha certa profundidade polo menos unha delas<br>**Redacción:** correcta |
| Sobresaliente (2,7-3) | **Resposta con precisións e aclaracións:**<br>-resposta que ademais de facer referencia ás cuestións básicas, afonda nunha ou explica con certa profundidade polo menos dúas delas<br>**Redacción:** correcta, argumentación coherente e vocabulario axeitado<br>**Capacidade de síntese**: a resposta non excede a extensión recomendada |

Pregunta a desenvolver: **A configuración do imperio español no século XVI** (ata 3 puntos)

| | |
|---|---|
| Suspenso (0-0,6) | Resposta en branco ou sen relación coa materia da pregunta. |
| Suspenso (0,9-1,2) | **Coñecementos:**<br>-Resposta confusa, que revela a incomprensión da pregunta (0,9)<br>-Resposta incompleta, que revela a falla de coñecementos (1,2)<br>**Redacción:** texto no que abundan as imprecisións, palabras inexistentes, frases incoherentes o mal articuladas |
| Aprobado (1,5-1,8) | **Coñecementos:** resposta básica que incide nas seguintes cuestións:<br>-A herdanza de Carlos I: territorios heredados pola súa nai, Xoana (coroas de Castela e Aragón e as súas posesións), e polo seu pai, Filipe (territorios das Casas de Borgoña e de Austria e dereitos imperiais)<br>-O fin do reinado e o reparto de posesións: abdicación no seu fillo Filipe e cesións ao seu irmán Fernando<br>-O imperio de Felipe II: a incorporación de Portugal e as súas posesións á coroa de Castela<br>-A rebelión de Flandres. O apoio inglés aos rebeldes e a guerra contra Inglaterra<br>**Redacción:** texto formalmente correcto, pero expresión demasiado simple |
| Notable (2,1-2,4) | **Coñecementos: resposta que demostra o coñecemento do tema:**<br>-resposta que ademais de facer referencia ás cuestións básicas, explica cunha certa profundidade polo menos unha delas<br>**Redacción:** correcta |
| Sobresaliente (2,7-3) | **Resposta con precisións e aclaracións:**<br>-resposta que ademais de facer referencia ás cuestións básicas, afonda nunha ou explica con certa profundidade polo menos dúas delas<br>**Redacción:** correcta, argumentación coherente e vocabulario axeitado<br>**Capacidade de síntese**: a resposta non excede a extensión recomendada |

Pregunta a desenvolver: **As ideas fundamentais do pensamento ilustrado** (ata 3 puntos)

| | |
|---|---|
| Suspenso (0-0,6) | Resposta en branco ou sen relación coa materia da pregunta. |
| Suspenso (0,9-1,2) | **Coñecementos:**<br>-Resposta confusa, que revela a incomprensión da pregunta (0,9)<br>-Resposta incompleta, que revela a falla de coñecementos (1,2)<br>**Redacción:** texto no que abundan as imprecisións, palabras inexistentes, frases incoherentes o mal articuladas |
| Aprobado (1,5-1,8) | **Coñecementos:** resposta básica que incide nas seguintes cuestións:<br>-A preeminencia outorgada polos ilustrados á razón fronte a tradición e as ideas preconcibidas.<br>-A importancia outorgada á educación como mecanismo para acadar os obxectivos de progreso<br>-A oposición á Igrexa e os seus privilexios<br>-A crítica do absolutismo monárquico<br>-A crítica dos privilexios sociais, sen cuestionar a orde social<br>**Redacción:** texto formalmente correcto, pero expresión demasiado simple |
| Notable (2,1-2,4) | **Coñecementos: resposta que demostra o coñecemento do tema:**<br>-resposta que ademais de facer referencia ás cuestións básicas, explica cunha certa profundidade polo menos unha delas<br>**Redacción:** correcta |
| Sobresaliente (2,7-3) | **Resposta con precisións e aclaracións:**<br>-resposta que ademais de facer referencia ás cuestións básicas, afonda nunha ou explica con certa profundidade polo menos dúas delas<br>**Redacción:** correcta, argumentación coherente e vocabulario axeitado<br>**Capacidade de síntese**: a resposta non excede a extensión recomendada |

Composición histórica: **O movemento obreiro no último terzo do século XIX** (ata 5 puntos)

| | |
|---|---|
| Moi deficiente (0-1) | Resposta en branco (0)<br>A resposta é unha paráfrase dos documentos (1) |
| Deficiente (1,5-2) | **Contidos:**<br>Xeneralidades sobre a época (1,5)<br>**Uso dos documentos**: a resposta prescinde dos documentos, exponse como a resposta a unha pregunta teórica (2)<br>**Redacción:** texto no que abundan as imprecisións, palabras inventadas, frases incoherentes ou mal articuladas |
| Aprobado (2,5-3) | **Contidos:**<br>-Contextualizar o desenvolvemento do movemento obreiro en España |

| | |
|---|---|
| | durante o Sexenio Democrático.<br>-Referencia xenérica aos factores que permitiron a expansión do movemento obreiro neste período: a AIT e o dereito de asociación recoñecido na constitución de 1869.<br>-Explicación básica dos principios esencias defendidos polas ideoloxías obreiras anarquista e marxista/socialista facendo referencia aos seus obxectivos e aos medios empregados para a súa consecución.<br>**Uso dos documentos**: os documentos cítanse na redacción<br>**Redacción:** texto formalmente correcto, pero expresión demasiado simple |
| Notable (3,5-4) | **Contidos** (ademais do esixido para o aprobado, afondar no comentario nalgunha das seguintes cuestións):<br>-Refírense as primeiras manifestacións do movemento obreiro anteriores a 1868 (ludismo, Sociedades de Socorros Mutuos, folgas) insistindo no seu carácter espontáneo e na súa escasa organización e repercusión en comparación coas organizacións obreiras do útlimo terzo do s.XIX.<br>-Analízase o proceso de implantación da ideoloxías obreiras en España: personalidades difusoras, zonas de maior arraigo de cada ideoloxía e citánse as principais organizacións obreiras anarquistas e socialistas.<br>**Uso dos documentos** (ademais do esixido para o aprobado): a resposta analiza parte do seu contido:<br>DOC. 1: Salientar a chegada do internacionalismo a España tras a Revolución A Gloriosa e a necesidade de reformas laborais aproveitando a conxuntura de cambio político.<br>DOC. 2: Explicar as reivindicacións do FRE salientando a súa orientación anarquista.<br>DOC. 3: Analizar os estatutos da UXT e relaciona as súas peticións (melloras salariais e redución da xornada de traballo) coa situación laboral dos obreiros nesta etapa.<br>**Redacción:** correcta e texto coherente |
| Sobresaliente (4,5-5) | **Contidos** (ademais do esixido para o notable, no comentario recóllense unha ou varias das seguintes cuestións):<br>-Analizar as distintas tendencias que coexistiron dentro do anarquismo no último terzo do s.XIX en España (anarquismo puro, anarco-sindicalismo e anarco-comunismo).<br>-Facer fincapé na orientación anarquista da difusión da I Internacional en España, o que explica a identificación da FRE con dito ideario e o maior espallamento e arraigo das ideas anarquistas fronte as socialistas.<br>-Referir a evolución do movemento obreiro no último terzo do s.XIX: momento álxido durante a Primeira República intimamente relacionado co cantonalismo, e represión durante a Restauración polo temor que a |

| | |
|---|---|
| | FRE-AIT xerou nos empresarios e nos políticos moderados (disolución e clandestinidade das organizacións obreiras).<br>**Uso dos documentos** (ademais do esixido para o notable, analizar en profundidade o contido dalgún dos documentos):<br>-Doc.1: Salientar a falta de interese dos dirixentes da revolución de 1868 por resolver os problemas reais do proletariado, de aí a necesidade de que este se adhira en masa ás organización obreiras internacionais.<br>-Doc.2: Relacionar o contido da proclama co movemento cantonalista da Primeira República (descentralización e libre federación).<br>-Doc.3: Facer referencia á organización interna da UXT (sindicatos de oficio a nivel local e federacións nacionais) e algún dos seus logros (p.ex. a celebración do 1º de maio por primeira vez en España en 1890).<br>**Redacción:** correcta e precisa, facendo uso do vocabulario específico. O texto está ben articulado e argumentado |

OPCIÓN B

Definición do termo **Megalitismo** (ata 0,5 puntos)

| | |
|---|---|
| Suspenso (0-0,1) | Resposta en branco ou que revela a incomprensión do termo |
| Suspenso (0,15-0,2) | **Coñecementos:** resposta confusa ou incompleta<br>**Redacción:** texto no que abundan as imprecisións, palabras inexistentes, frases incoherentes o mal articuladas |
| Aprobado (0,25-0,3) | **Coñecementos:** resposta básica<br>-Expresión cultural que xorde no Neolítico e se prolonga ata o Bronce Final, caracterizada polas construcións arquitectónicas feitas con grandes bloques de pedra (denominados megálitos).<br>**Redacción**: texto formalmente correcto, pero expresión demasiado simple |
| Notable (0,35-0,4) | **Coñecementos:** resposta con polo menos unha destas aclaracións adicionais (ademais do esixido para o aprobado)<br>-As principais construcións megalíticas son os enterramentos colectivos (dolmen ou anta en Galicia, mámoa, tholos), o menhir ou pedra fincada e o cromlech ou círculos líticos<br>-Desenvólvese no Mediterráneo e na Europa atlántica.<br>**Redacción:** correcta. |
| Sobresaliente (0,45-0,5) | **Coñecementos:** resposta con polo menos unha destas precisións a maiores (ademais do esixido para o notable)<br>-O dólmenes constan dunha cámara sepulcral precedidas ou non de corredor e o tholos ten falsa cúpula<br>-É posible que os menhires fosen indicadores de camiños ou delimitacións territoriais e que os cromlech estivesen relacionados con cultos propiciatorios do ciclo agrícola<br>**Redacción:** correcta, argumentación coherente e vocabulario axeitado<br>**Capacidade de síntese**: a resposta non sobrepasa a extensión recomendada |

Definición do termo **Terzos** (ata 0,5)

| | |
|---|---|
| Suspenso (0-0,1) | Resposta en branco ou que revela a incomprensión do concepto |
| Suspenso (0,15-0,2) | **Coñecementos:** resposta confusa ou incompleta<br>**Redacción:** texto no que abundan as imprecisións, palabras inexistentes, frases incoherentes o mal articuladas |
| Aprobado (0,25-0,3) | **Coñecementos:** resposta básica<br>-Unidade militar de infantería creada por Carlos I no século XVI<br>**Redacción**: texto formalmente correcto, pero expresión demasiado simple |
| Notable | **Coñecementos:** resposta con polo menos unha destas aclaracións |

| | |
|---|---|
| (0,35-0,4) | adicionais (ademais do esixido para o aprobado)<br>-Poden considerarse os primeiros exércitos profesionais, estando formados por soldados voluntarios e de recrutamento<br>-Estaban asentados fundamentalmente nas posesións españolas en Europa<br>-Destacaba pola súa eficacia e fama os Terzos de Flandres<br>-A súa organización xa fora perfilada polos Reis Católicos<br>**Redacción:** correcta. |
| Sobresaliente (0,45-0,5) | **Coñecementos:** resposta con polo menos unha destas precisións a maiores (ademais do esixido para o notable)<br>-A unidade estaba organizada en tres seccións, combinando o uso de armas brancas (picas, espadas) coas de fogo (arcabuces, mosquetes)<br>-Supuxeron un avance fundamental no proceso de modernización dos exércitos europeos da época,<br>-Os terzos consagraron o predominio da infantería fronte á cabaleiría dominante na guerra medieval<br>-Os primeros terzos organizáronse nos exércitos españois en Italia, e por iso os terzos italianos chamáronse "terzos vellos"<br>**Redacción:** correcta, argumentación coherente e vocabulario axeitado<br>**Capacidade de síntese**: a resposta non sobrepasa a extensión recomendada |

Definición do termo **<u>Decretos de Nova Planta</u>** (ata 0,5 puntos)

| | |
|---|---|
| Suspenso (0-0,1) | Resposta en branco ou que revela a incomprensión do termo |
| Suspenso (0,15-0,2) | **Coñecementos:** resposta confusa ou incompleta<br>**Redacción:** texto no que abundan as imprecisións, palabras inexistentes, frases incoherentes o mal articuladas |
| Aprobado (0,25-0,3) | **Coñecementos:** resposta básica<br>-conxunto de decretos promulgados por Felipe V<br>-decretos datados na primeira década do século XVIII<br>-aboliron os privilexios e institucións da Coroa de Aragón<br>**Redacción**: texto formalmente correcto, pero expresión demasiado simple |
| Notable (0,35-0,4) | **Coñecementos:** resposta con polo menos unha destas aclaracións adicionais (ademais do esixido para o aprobado)<br>-decretos promulgados a raíz da Guerra de Sucesión (1702-1714)<br>-supuxeron a imposición da organización político-administrativa e as leis de Castela e o uso do castelán como lingua administrativa<br>-xustificáronse polo apoio de Aragón, Valencia, Mallorca e Cataluña ó pretendente Carlos de Austria<br>-supuxeron un avance cara a una centralización política<br>**Redacción:** correcta. |
| | **Coñecementos:** resposta con polo menos unha destas precisións a maiores (ademais do esixido para o notable)<br>-foron promulgados entre 1707 e 1716 |

| | |
|---|---|
| | -Navarra e as Provincias Vascas conservaron os seus foros pola súa fidelidade a Felipe V<br>**Redacción:** correcta, argumentación coherente e vocabulario axeitado<br>**Capacidade de síntese**: a resposta non sobrepasa a extensión recomendada |

Definición do termo **Pucheirazo** (ata 0,5 puntos)

| | |
|---|---|
| Suspenso (0-0,1) | Resposta en branco ou que revela a incomprensión do concepto |
| Suspenso (0,15-0,2) | **Coñecementos:** resposta confusa ou incompleta<br>**Redacción:** texto no que abundan as imprecisións, palabras inexistentes, frases incoherentes o mal articuladas |
| Aprobado (0,25-0,3) | **Coñecementos:** resposta básica<br>-manipulación dos resultados electorais<br>-o procedemento consistía na substitución masiva dos votos emitidos nunha urna en beneficio dun candidato concreto<br>**Redacción**: texto formalmente correcto, pero expresión demasiado simple |
| Notable (0,35-0,4) | **Coñecementos:** resposta con polo menos unha destas aclaracións adicionais (ademais do esixido para o aprobado)<br>-o sistema desenvolveus en paralelo ó réxime de quenda<br>-hai que relacionala coa coacción empregada polos caciques para conseguir os resultados electorais desexados<br>-foi unha operación frecuente no periodo da Restauración<br>**Redacción:** correcta. |
| Sobresaliente (0,45-0,5) | **Coñecementos:** resposta con polo menos unha destas precisións a maiores (ademais do esixido para o notable)<br>-foi un procedemento desenvolto a partir de 1875<br>-con esta práctica conseguían situar ó encaixado no Parlamento<br>**Redacción:** correcta, argumentación coherente e vocabulario axeitado<br>**Capacidade de síntese**: a resposta non sobrepasa a extensión recomendada |

Definición do termo **Brigadas Internacionais** (ata 0,5 puntos)

| | |
|---|---|
| Suspenso (0-0,1) | Resposta en branco ou que revela a incomprensión do termo |
| Suspenso (0,15-0,2) | **Coñecementos:** resposta confusa ou incompleta<br>**Redacción:** texto no que abundan as imprecisións, palabras inexistentes, frases incoherentes o mal articuladas |
| Aprobado (0,25-0,3) | **Coñecementos:** resposta básica<br>-Batallóns de voluntarios estranxeiros que viñeron loitar a España no decurso da Guerra Civil defendendo á República.<br>**Redacción**: texto formalmente correcto, pero expresión demasiado simple |

| | |
|---|---|
| Notable (0,35-0,4) | **Coñecementos:** resposta con polo menos unha destas aclaracións adicionais (ademais do esixido para o aprobado)<br>-Integradas por militantes de esquerda antifascistas, especialmente marxistas ou comunistas, de distintos países.<br>-Houbo brigadistas de máis de 50 países, pero destaca a achega de franceses, alemáns e austríacos, italianos, británicos e estadounidenses.<br>**Redacción:** correcta. |
| Sobresaliente (0,45-0,5) | **Coñecementos:** resposta con polo menos unha destas precisións a maiores (ademais do esixido para o notable)<br>-Interpretaron a guerra de España como unha nova fronte de loita contra o fascismo.<br>-Tiveron un papel destacado na defensa de Madrid en novembro de 1936.<br>-Abandonaron o país trala derrota da Batalla do Ebro (outubro de 1938) polas presións do Comité de Non Intervención.<br>**Redacción:** correcta, argumentación coherente e vocabulario axeitado<br>**Capacidade de síntese**: a resposta non sobrepasa a extensión recomendada |

Definición do termo **Sindicato Vertical** (ata 0,5 puntos

| | |
|---|---|
| Suspenso (0-0,1) | Resposta en branco ou que revela a incomprensión do termo |
| Suspenso (0,15-0,2) | **Coñecementos:** resposta confusa ou incompleta<br>**Redacción:** texto no que abundan as imprecisións, palabras inexistentes, frases incoherentes o mal articuladas |
| Aprobado (0,25-0,3) | **Coñecementos:** resposta básica<br>-sindicato único, inspirado e controlado pola Falanxe<br>-integraba todos os traballadores e empresarios do mesmo sector produtivo<br>**Redacción**: texto formalmente correcto, pero expresión demasiado simple |
| Notable (0,35-0,4) | **Coñecementos:** resposta con polo menos unha destas aclaracións adicionais (ademais do esixido para o aprobado)<br>-a súa creación supuxo a desaparición dos sindicatos de clase<br>-a súa composición explica que se coñecera como Sindicato Vertical<br>-inspirouse nos réximes fascistas europeos<br>**Redacción:** correcta. |
| Sobresaliente (0,45-0,5) | **Coñecementos:** resposta con polo menos unha destas precisións a maiores (ademais do esixido para o notable)<br>-a súa afiliación era obrigatoria<br>-oficialmente denominada Organización Sindical Española<br>-creouse en 1940, pola Lei de Unidade Sindical<br>-disolveuse na transición, durante o goberno de Adolfo Suárez<br>**Redacción:** correcta, argumentación coherente e vocabulario axeitado<br>**Capacidade de síntese**: a resposta non sobrepasa a extensión |

| | |
|---|---|
| | recomendada |

Pregunta a desenvolver: **O Neolítico: características e cambios con respecto á época Paleolítica** (ata 3 puntos)

| | |
|---|---|
| Suspenso (0-0,6) | Resposta en branco o sen relación coa materia da pregunta |
| Suspenso (0,9-1,2) | **Coñecementos:**<br>-Resposta confusa, que revela a incomprensión da pregunta (0,9)<br>-Resposta incompleta, que revela a falla de coñecementos (1,2)<br>**Redacción:** texto no que abundan as imprecisións, palabras inexistentes, frases incoherentes o mal articuladas |
| Aprobado (1,5-1,8) | **Coñecementos:** resposta básica que incide nas seguintes cuestións:<br>-Comparación xenérica entre Neolítico e Paleolítico facendo referencia ao sistema de produción de alimentos, a tecnoloxía, o tipo de hábitat, a sociedade e as expresións culturais<br><br>**Redacción:** texto formalmente correcto, pero expresión demasiado simple |
| Notable (2,1-2,4) | **Coñecementos: resposta que demostra o coñecemento do tema:**<br>-resposta que ademais de facer referencia ás cuestións básicas, explica cunha certa profundidade polo menos unha delas<br>**Redacción:** correcta |
| Sobresaliente (2,7-3) | **Resposta con precisións e aclaracións:**<br>-resposta que ademais de facer referencia ás cuestións básicas, afonda nunha ou explica con certa profundidade polo menos dúas delas<br>**Redacción:** correcta, argumentación coherente e vocabulario axeitado<br>**Capacidade de síntese**: a resposta non excede a extensión recomendada |

Pregunta a desenvolver: **O réxime feudal e a sociedade estamental** (ata 3 puntos)

| | |
|---|---|
| Suspenso (0-0,6) | Resposta en branco o sen relación coa materia da pregunta |
| Suspenso (0,9-1,2) | **Coñecementos:**<br>-Resposta confusa, que revela a incomprensión da pregunta (0,9)<br>-Resposta incompleta, que revela a falla de coñecementos (1,2)<br>**Redacción:** texto no que abundan as imprecisións, palabras inexistentes, frases incoherentes o mal articuladas |
| Aprobado (1,5-1,8) | **Coñecementos:** resposta básica que incide nas seguintes cuestións:<br>-A ausencia dun poder centralizado do Estado polas dificultades do monarca para exercer a súa autoridade en todos os dominios.<br>-O consecuente fortalecemento da nobreza laica e eclesiástica.<br>-O carácter patrimonial do reino e a condición hereditaria da monarquía.<br>-As relacións de vasalaxe como base do poder: formación da pirámide feudal en razón dos diferentes lazos de dependencia establecidos. |

| | |
|---|---|
| | -A organización e principais características dunha **sociedade estamental** na que uns grupos posuían privilexios e vantaxes xurídicas, e os outros non.<br>-Diferenzas na concepción da monarquía entre as Coroas de Castela e a de Aragón (autoritarismo/pactismo).<br>**Redacción:** texto formalmente correcto, pero expresión demasiado simple |
| Notable (2,1-2,4) | **Coñecementos: resposta que demostra o coñecemento do tema:**<br>-resposta que ademais de facer referencia ás cuestións básicas, explica cunha certa profundidade polo menos unha delas<br>**Redacción:** correcta |
| Sobresaliente (2,7-3) | **Resposta con precisións e aclaracións:**<br>-resposta que ademais de facer referencia ás cuestións básicas, afonda nunha ou explica con certa profundidade polo menos dúas delas<br>**Redacción:** correcta, argumentación coherente e vocabulario axeitado<br>**Capacidade de síntese**: a resposta non excede a extensión recomendada |

Pregunta a desenvolver: **<u>A crise socioeconómica do s.XVII</u>** (ata 3 puntos)

| | |
|---|---|
| Suspenso (0-0,6) | Resposta en branco ou sen relación coa materia da pregunta. |
| Suspenso (0,9-1,2) | **Coñecementos:**<br>-Resposta confusa, que revela a incomprensión da pregunta (0,9)<br>-Resposta incompleta, que revela a falla de coñecementos (1,2)<br>**Redacción:** texto no que abundan as imprecisións, palabras inexistentes, frases incoherentes o mal articuladas |
| Aprobado (1,5-1,8) | **Coñecementos:** resposta básica que incide nas seguintes cuestións:<br>-A crise demográfica: principais causas explicativas (epidemias períodicas de peste, malas colleitas e crises de subsistencias, expulsión dos mouriscos, emigración a América, guerras europeas…).<br>-A crise económica: o descenso da produción agraria, o declive da actividade artesanal e comercial, a redución da chegada de metais preciosos de América, a crise da Facenda real…<br>-A postura dos grupos privilexiados respecto da crise: incremento da presión señorial, desprezo das actividades produtivas e propostas dos arbitristas.<br>-A saída da crise na segunda metáde do s.XVII nos diferentes territorios da monarquía.<br>**Redacción:** texto formalmente correcto, pero expresión demasiado simple |
| Notable (2,1-2,4) | **Coñecementos: resposta que demostra o coñecemento do tema:**<br>-resposta que ademais de facer referencia ás cuestións básicas, explica cunha certa profundidade polo menos unha delas<br>**Redacción:** correcta |
| Sobresaliente (2,7-3) | **Resposta con precisións e aclaracións:**<br>-resposta que ademais de facer referencia ás cuestións básicas, afonda |

| | |
|---|---|
| | nunha ou explica con certa profundidade polo menos dúas delas<br>**Redacción:** correcta, argumentación coherente e vocabulario axeitado<br>**Capacidade de síntese**: a resposta non excede a extensión recomendada |

Composición histórica: **A crise da Restauración** (ata 5 puntos)

| | |
|---|---|
| Moi deficiente (0-1) | Resposta en branco (0)<br>A resposta é unha paráfrase dos documentos (1) |
| Deficiente (1,5-2) | **Contidos:**<br>Xeneralidades sobre a época (1,5)<br>**Uso dos documentos**: a resposta prescinde dos documentos, exponse como a resposta a unha pregunta teórica (2)<br>**Redacción:** texto no que abundan as imprecisións, palabras inventadas, frases incoherentes ou mal articuladas |
| Aprobado (2,5-3) | **Contidos:**<br>-Contextulizar a crise da Restauración no reinado de Afonso XII.<br>-Referencia xenérica ao "desastre do 98" (perda das últimas colonias ) e á corrente rexeneracionista xurdida a raíz do mesmo.<br>-O crecente papel do exército na vida política visible a través da Lei de Xurisdicións de 1906.<br>-A oposición ao sistema da Restauración por parte do movemento obreiro debido fundamentalmente á mobilización de reservistas na guerra de Marrocos e á súa marxinación do sistema político.<br>**Uso dos documentos**: os documentos cítanse na redacción<br>**Redacción:** texto formalmente correcto, pero expresión demasiado simple |
| Notable (3,5-4) | **Contidos** (ademais do esixido para o aprobado, afondar no comentario nalgunha destas cuestións):<br>-O *rexeneracionismo*: análise dos males que afectaban ao país, propostas de modernización e principais representantes.<br>-As críticas ao exército logo do "desastre do 98" e a súa viraxe cara posturas cada vez máis conservadoras erixíndose como garante da unidade da patria (fronte aos nacionalismos, sobre todo catalán) e da orde social (fronte ao auxe do movemento obreiro).<br>-A guerra en Marrocos como estratexia políticomilitar para recuperar o prestixio internacional despois do "desastre" e os seus efectos nas clases populares: mobilización de reservistas e Semana Tráxica de Barcelona de 1909.<br>**Uso dos documentos** (ademais do esixido para o aprobado):<br>-A resposta analiza parte do contido dos documentos: o papel de Joaquín Costa como representante do rexeneracionismo (doc.1), a defensa do prestixio do exército español na lei de Xurisdicións (doc.2), a oposición do PSOE á guerra de Marrocos e á mobilización de reservistas (doc.3).<br>**Redacción:** correcta e texto coherente |

| | |
|---|---|
| Sobresaliente (4,5-5) | **Contidos** (ademais do esixido para o notable, no comentario recóllense unha ou varias das reguintes cuestións):<br>-Relaciónase a lei de Xurisdicións coas publicacións na revista satírica catalá Cu-Cut de 1905.<br>-Cítanse outros factores explicativos da crise da Restauración: fraccionamento e descomposición dos partidos dinásticos a inicios do século XX, o auxe do republicanismo, o desenvolvemento dos nacionalismos -sobre todo catalán (Solidaridat Catalana)-, o incremento da conflitividade social e da oposición de socialistas e anarquistas, as sucesivas derrotas militares na ocupación do norte de Marrocos…<br>-Noméanse algunhas das reformas desenvolvidas polos líderes dos partidos dinásticos (Maura –conservador- e Canalejas –liberal-) para superar a crise e sanear o sistema da Restauración.<br>**Uso dos documentos** (ademais do esixido para o notable, analizar en profundidade algún dos documentos):<br>-Doc.1: Salientar a preocupación dos rexeneracionistas ante a incapacidade da clase dirixente de modernizar o país e sacalo do seu atraso con respecto de Europa.<br>-Doc.2: Referir o apoio do rei aos militares e a defensa que o exército fai dos seus intereses como corpo.<br>-Doc.3: Relacionar o contido deste documento cos sucesos da Semana Tráxica de Barcelona de xullo de 1909.<br>**Redacción:** correcta e precisa, facendo uso do vocabulario específico. O texto está ben articulado e argumentado |